

**CADRO DE CARACTERÍSTICAS DO PREGO DE CLÁUSULAS PARTICULARES DE XENÉTICA FONTAO, S.A., PARA A CONTRATACIÓN POR PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS QUE REXERÁN NO PROCEDIMENTO ABERTO E TRÁMITE ORDINARIO DO SUMINISTRO SUCESIVO POR PRECIOS UNITARIOS DUN CONTRATO PRIVADO PARA A SUBMINISTRACIÓN SUCESIVA DE SERRÍN DE PINO PARA CAMA DEL BOX DE DESCANSO, PARA A SOCIEDADE MERCANTIL PÚBLICA AUTONÓMICA XENÉTICA FONTAO, S.A. (XF 2/2026).**

**1. ENTIDADE CONTRATANTE E ÓRGANO DE CONTRATACIÓN.**

1.1 Entidade contratante

XENÉTICA FONTAO S.A.

1.2 Órgano de contratación

CONSELLO ADMINISTRACIÓN DE XENÉTICA FONATO, S.A.

1.3 Unidade xestora:

XERENCIA DE XENÉTICA FONTAO, S.A

1.4 Perfil de contratante.

<http://www.xeneticafontao.com/esp/perfil.php>

1.5 Responsable do contrato

XERENCIA DE XENÉTICA FONTAO SA

DIRECTOR TÉCNICO DE SELECCIÓN E MELLORA XENÉTICA

**2. REFERENCIA DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN**

EXPEDIENTE XF 2/2026

**3. PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN**

Para a adxudicación da presente contratación aplicarase o procedemento aberto conforme o disposto nos artigos 131 e 156 a 158 da LCSP. **Por razón do seu valor estimado non está suxeito a regulación Harmonizada.**

**4. NECESIDADES A SATISFACER**

Xenética Fontao, SA, mantén de 200-240 sementais selectos nas súas instalacións que é preciso soste, sendo necesario o suministro de serrín para para cama del box de descanso dos sementais aloxados, para satisfacer a necesidade de descanso dos animais.

**5. OBXECTO DO CONTRATO**

5.1 Obxecto do contrato

O obxecto do presente contrato é a subministración sucesiva e por prezo unitario, en función das necesidades, dun suministro de serrín para para cama do box de descanso dos sementais aloxados, para satisfacer a necesidade de descanso dos animais, para a sociedade mercantil pública autonómica Xenética Fontao, S.A

5.2 Nomenclatura: CPV: 03417100



## 6. DURACIÓN, PRAZO DE EXECUCIÓN E PRÓRROGA

### 6.1 Prazo de execución

6.1.1. Data a partir da cal entra en vigor: Desde a súa formalización

6.1.2 Duración do contrato: **Dous anos**

6.2 Prórroga: NON

No seu caso, duración máxima da prórroga prevista: NON

6.3. Prazos de entrega:

O prazo máximo para realizar a entrega será de 10 días naturais a contar desde o envío do correo electrónico do pedido ou a correspondente comunicación. As entregas realizaranse de luns a venres, dentro do horario de funcionamento de Xenética Fontao (8:00 H A 15:30 HORAS).

No caso de vencer o prazo en sábado, domingo ou festivo, a entrega deberá efectuarse o primeiro día hábil seguinte.

## 7. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN, VALOR ESTIMADO E PREZO

7.1. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN (Art. 100 LCSP) e consumo estimado.

Desagregación por anualidades (no seu caso): SI

SERRÍN DE PINO	UNIDAD	PRECIO UNITARIO €	CONSUMO ANUAL 2026	CONSUMO ANUAL 2027	CONSUMO TOTAL	IMPORTE TOTAL
SERRÍN DE PINO	TN	100	200	500	700,00 €	70.000,00 €
					ORZAMENTO (SEN IVE)	<b>70.000,00 €</b>
					IVE 10%	7.000,00 €
					ORZAMENTO CON IVE	<b>77.000,00 €</b>

### 7.3 VALOR ESTIMADO (Art. 101 LCSP)

VALOR ESTIMADO INICIAL(SEN IVE) 70.000,00 €

20% MODIFICACIÓN 14.000,00 €

**VALOR ESTIMADO FINAL(CON IVE) 84.000,00 €**

7.4. Prezo unitario de aplicación al contrato.

SERRÍN DE PINO	UNIDAD	PRECIO UNITARIO €/TN
SERRÍN DE PINO	TN	100

7.5 Revisión de Prezos: NON

Os prezos da presente contratación non serán obxecto de revisión de acordo co establecido nos artigos 103 e 104 da LCSP.



## 8. APLICACIÓN ORZAMENTARIA OU EQUIVALENTE

A presente subministración será financiada coas dotacións previstas nos orzamentos de explotación e capital de XF de acordó con PAIF para 2026 orzamentado. Con cargo a partida da conta de Perdas e ganancias **A).4 Operacións continuadas – Aproveccionamentos**. Orzamentada por importe de -1.829.885,00 euros par 2026 e con -1.852.759,00 euros para 2027.

## 9. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

### 9.1 CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZOS DE VALOR: NON HAI.

### 9.2 CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE A APLICACIÓN DE FÓRMULAS MATEMÁTICAS

Criterio	Ponderación/bandas de valores
1.- <u>Oferta económica</u>	ata 80 puntos
2.- <u>Reducción do prazo de entrega</u>	ata 10 puntos
3.- <u>Conciliación vida p. e familiar e laboral</u>	ata 10 puntos
<b>Total</b>	<b>ata 100 puntos</b>

### 9.3 FORMA DE AVALIAR AS PROPOSICIÓN

As fórmulas para a valoración das proposicións ou o modo en que se valoran respecto aos criterios de adxudicación son os seguintes:

#### CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZOS DE VALOR

---
-----

#### CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE A APLICACIÓN DE FÓRMULAS MATEMÁTICAS

CRITERIO	PUNTUACIÓN
<b>1.- <u>Oferta económica</u></b> 1. A oferta económica valorarase de acordo a seguinte fórmula, outorgándose 0 puntos ás ofertas que igualem o orzamento de licitación e a máxima puntuación (80 puntos ) á mellor oferta, de acordo coa fórmula e os criterios que de seguido se indican, tendo en conta que todos os valores numéricos se redondearán aritmeticamente ao segundo decimal:	Ata 80 puntos



$$V_i = (POE \cdot (PL - O_i)) / (PL - O_{FAV}),$$

**sendo:**

$V_i$  = puntuación da proposición a valorar.

POE = puntuación máxima da oferta económica.

PL = orzamento de licitación.

$O_i$  = proposición a valorar.

$O_{FAV}$  = mellor oferta.

Serán inadmitidas na súa totalidade as proposicións nas que se oferte un prezo unitario por TN superior ao prezo unitario de licitación que figura no apartado de valor estimado deste Cadro de Características.

Así mesmo, serán inadmitidas na súa totalidade as proposicións nas que se oferte un prezo total superior ao orzamento base de licitación, IVE excluído.

## 2.- Reducción do prazo de entrega

- Reducción do prazo nun 25%: 5 puntos
- Reducción do prazo nun 50%: 10 puntos

Ata 10 puntos

**3.- Políticas empresariais en materia de conciliación da vida persoal, familiar e laboral e coresponsabilidade que se apliquen na execución do contrato** (artigo 57 da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia). Valoraranse as melloras sobre permisos legalmente establecidos e os beneficios sociais para a atención de responsabilidades familiares:

Ata 10 puntos

4.1.	Permisos retribuídos: días engadidos sobre o estipulado no convenio correspondente:			De 0 a 5	
	2 días máis por coidado de familiar dependente, ata 2º grao de consanguinidade ou afinidade		2		
	Alternati vos	2 días máis por accidente, enfermidade grave e/ou hospitalización de familiar, ata 2º grao de consanguinidade ou afinidade			2
		1 día máis por accidente, enfermidade grave e/ou hospitalización de familiar, ata 2º grao de consanguinidade ou afinidade			1



	1 día máis para asistencia a cursos e/ou xornadas de formación celebradas en ámbito externo á empresa	1		
4.2.	Proporcionar cheques que faciliten a atención de familiares: menores (comedores, garderías, ludotecas, etc.) ou dependentes (centros de día e similares), segundo o importe anual:			
	Alternativ os	1.000 €	5	De 0 a 10
		800 €	4	
		600 €	3	
		400 €	2	
		200 €	1	
			<b>De 0 a 5</b>	

### **DOCUMENTACIÓN RELATIVA AOS CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN**

A documentación relativa aos criterios de adjudicación que debe presentarse é a seguinte (*indícase tamén o sobre en que debe incluírse*):

### **CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE A APLICACIÓN DE FÓRMULAS MATEMÁTICAS**

Documentación	
A Oferta económica e outros criterios avaliados de forma automática (de acordo co Anexo III)	<b>Sobre B</b>
A Documentación técnica que acredite o cumprimento dos requisitos establecido PPT.	

### **OUTRA DOCUMENTACIÓN (Non correspondente a criterios de adjudicación)**

Documentación	
DEUC (anexo I) e declaración complementaria (anexo II)	<b>Sobre A</b>



**Nota:** En ningún caso se poderá incluír neste sobre A información que permita coñecer a oferta económica ou determinar a puntuación que o licitador lograría en base a criterios evaluables automaticamente mediante a aplicación de fórmulas. O incumprimento desta exigencia será causa de exclusión.

### 9.3. PARÁMETROS OBXECTIVOS PARA APRECIAR OFERTAS CON VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS:

Consideraranse proposicións económicas con valores anormais ou desproporcionados aquelas que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais, á media aritmética das ofertas económicas presentadas.

En tales supostos, daráselle/s audiencia ao/ os licitador/es que a/s presenten, para que presente/n por escrito xustificación da valoración da oferta e precise/n as súas condicións, co fin da estimación polo órgano de contratación sobre a posibilidade do cumprimento, segundo o procedemento establecido no art. 149.4 da LCSP.

Considerarase en todo caso a oferta como desproporcionada ou anormal cando se comprobe que o licitador vulnera as obrigacións aplicables en materia medioambiental, social ou laboral, nacional ou internacional, incluíndo o cumprimento dos convenios colectivos sectoriais vixentes (art.149.4 LCSP).

**9.4. CIRCUNSTANCIAS DETERMINANTES DA ADXUDICACIÓN NOS CASOS DE IGUALDADE DE PROPOSICIÓNS**  
Cando se considere conveniente, para os efectos da solución de empates **salvo que xa formen parte dos criterios de igualdade**, e cando proceda segundo a cláusula 6.5.2, a proposta de adxudicación realizarase a favor do empresario que acredite a circunstancia seguinte (indicar unha ou a orde de preferencia):

1º) Número de traballadores con discapacidade superior ao 2 % nos termos do artigo 147.1 a) e o Acordo do Consello da Xunta de 8/4/2010 así como o previsto no Real Decreto Legislativo 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social. En caso de que varias empresas se encontren nestas circunstancias, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que acredite maior porcentaxe de traballadores fixos discapacitados no seu cadro de persoal.

2º) Empresas de inserción reguladas na Lei 44/2007, do 13 de decembro, para a regulación do réxime das empresas de inserción.

En relación a empresas que, ao vencemento do prazo de presentación de ofertas inclúan medidas de carácter social e laboral que favorezan a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes poderase acreditar por algún destes medios (Art. 147.1.e).

3º) Acreditación de certificación da implantación dun plan de igualdade conforme o establecido no artigo 67 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade o equivalente.



4º) Acreditación da obtención da Marca galega de excelencia en igualdade conforme o artigo 75 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade o equivalente.

5º) Acreditación da adopción das medidas de conciliación previstas na Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia (concretar estas medidas).

No suposto de que unha vez aplicados todos os criterios anteriores existisen dúas ou máis entidades con idéntica puntuación, para a identificación da oferta máis vantaxosa acudirase á puntuación acadada respecto do criterio 1 (oferta económica), resolvéndose a favor do licitador que a obtivera máis alta.

9.5. Prazo para a adxudicación do contrato desde a apertura de proposicións: 15 días.

## **10.MOSTRAS**

10.1. Procede entregar mostras: Non.

## **11.PRAZO DE GARANTÍA**

11.1. Procede definir prazo de garantía: 15 DÍAS

11.2. En caso positivo indicar prazo de garantía:

## **12. LUGAR DE ENTREGA DA SUBMINISTRACIÓN**

O material deberá ser entregado no Laboratorio de Xenética Molecular no seguinte enderezo da sociedade mercantil pública Xenética Fontao SA:

**Fontao-Esperante**

**27 210 - Lugo**

O enderezo indicado pode variar, se é o caso, por cambios estruturais ou organizativos da sociedade mercantil pública Xenética Fontao SA ou da Consellería do Medio Rural. De producirse tal circunstancia, comunicarse oportunamente ao adxudicatario o novo lugar de entrega.

## **13. RÉXIME DE PAGAMENTO**

13.1 Por cada entrega emitirase unha factura parcial pola cantidade de unidades entregadas, realizándose o pagamento polas SUBMINISTRACIÓNS efectivamente prestadas.

No presente contrato o adxudicatario obrígase a entregar os artigos especificados no punto 2 do PPT de forma sucesiva e por prezo unitario, de xeito que o número total de entregas a realizar está subordinado ás necesidades de Xenética Fontao durante o período de duración do contrato. A indicación do orzamento máximo no punto 7 deste cadro de características unicamente indica o importe máximo do gasto que pode

Páxina 7 de 15



alcanzarse co presente contrato, non o importe mínimo a pagar ao adxudicatario pois ese importe dependerá das subministracións efectivamente prestadas.

Xenética Fontao, S,A, terá a obrigaón de abonar o prezo do contrato dentro do prazo legalmente establecido a contar desde a data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade coas subministracións realizadas, sen prexuízo do establecido no artigo 210.4 da LCSP, e se se demorase, deberá abonar ao contratista os intereses de demora e a indemnización polos custos de cobro nos termos previstos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Recoñecido o valor legal das facturas emitidas electrónicamente no RD 1619/2012 de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigaóns de facturación, e en atención ao previsto no artigo 4 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público a presentación das facturas en formato electrónico será obrigatoria para as Sociedades anónimas, sociedades de responsabilidade limitada, as Unións temporais de empresas, as agrupacións de interese económico, as agrupacións de interese económico europeas, as persoas xurídicas e entidades sen personalidade Xurídica que carezan de nacionalidade española e para os establecementos permanentes e sucursais de entidades non residentes en territorio español nos termos que establece a normativa tributaria.

As restantes persoas xurídicas e as persoas físicas, aínda que non estean obrigadas, presentarán tamén as facturas emitidas, preferentemente, en formato electrónico.

O acceso ao Sistema electrónico de facturación da Xunta de Galicia (regulado na Orde de 12 de febreiro de 2010, DOG núm. 31) e a información sobre o mesmo será a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Xunta de Galicia: <https://www.conselleriadefacenda.es/factura> dirixido á XENÉTICA FONTAO, S.A.

Nas facturas deberá constar o órgano de Xestión do Contrato (Dirección Xerente de Xenética Fontao, SA LG. FONTAO- ESPERANTE-27210 LUGO

13.2 Órgano con competencias en materia de contabilidade pública:

Intervención Xeral de la Comunidade Autónoma

## 14.SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA

### 14.1. Sistema de acreditación

Forma de presentación: A documentación acreditativa presentarse asinada e nos idiomas galego ou castelán. A documentación que non este redactada ou traducida de forma oficial a un dos idiomas oficiais de Galicia non será tida en conta e terase como non presentada.

Medio: Volume anual de negocios do licitador no curso do tres últimos anos. O volume anual de negocios acreditarase mediante certificación expedida polo Rexistrador Mercantil acreditativa do depósito das súas



contas anuais (incluíndo contas) aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivese inscrito no devandito rexistro, e en caso contrario as depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito.

Criterio: Reputarase solvente ao licitador que acredite un volumen anual de negocios, que referido ao ano de maior volumen de negocio dos tres últimos concluídos, sexa a lo menos unha vez o valor estimado do contrato.

No caso de empresas cuxo período de actividade non abrangan os últimos tres anos, é necesario que presente a cifra global de negocios do período de actividade da empresa, que deberá de ser igual ou superior nun exercicio ao valor estimado do contrato **(84.000,00 €)**

Se o período de actividade do licitador é inferior a un ano, deberase alcanzar ou superar igualmente a contía ao valor estimado do contrato.

## 15.SOLVENCIA TÉCNICA OU PROFESIONAL

### 15.1. Sistema de acreditación

Forma de presentación: A documentación acreditativa presentarase asinada e nos idiomas galego ou castelán. A documentación que non este redactada ou traducida de forma oficial a un dos idiomas oficiais de Galicia non será tida en conta e terase como non presentada.

Medio:

- A solvencia técnica ou profesional do licitador deberá xustificarse mediante unha declaración responsable que recolla unha relación das SUBMINISTRACIÓNS de contido técnico análogo ao que é obxecto de licitación, realizados nos últimos 3 anos que inclúa importe, datas e ou destinatario, público ou privado, dos mesmos.

<b>Relación das subministracións similares executadas no curso dos últimos tres anos, acompañada de certificados de boa execución ou no seu caso declaración do licitador</b>				
Denominación e obxecto concreto	Importe	Data de inicio (día/mes/ano)	Data de finalización da execución (día/mes/ano)	Destinatario

Cando o destinatario sexa unha entidade do sector público, as subministracións efectuadas acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente.



Cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario acompañado dos documentos no seu poder que acrediten a realización da prestación.

O citado período de tres anos abranguerá:

- Respecto do ano 2023, dende o día equivalente ao seguinte ao de finalización do prazo de presentación de proposicións e ata o 31/12.
- Os anos 2024 e 2025 completos.
- E o período transcorrido do ano 2026 ata o día de finalización do prazo de presentación de proposicións.

Criterio: Reputarase solvente o licitador que acredite nas condicións sinaladas, ter executado, no ano de maior execución do período antes indicado, subministracións por un importe igual ou superior ao 70% do valor ESTIMADO do contrato (58.800 €, IVE incluído).

Aos efectos de considerar que subministracións son de igual ou similar natureza ás que constitúen o obxecto da presente contratación, deberán estar correctamente identificados os respectivos obxectos dos contratos referidos e tomarase como criterio de correspondencia entre as subministracións executadas polo/a empresario/a e as que constitúen o obxecto da presente contratación, sempre que sexa posible, a igualdade entre os tres primeiros díxitos dos respectivos códigos CPV: 03114100-4 .

15.2. Compromiso de adscrición de medios (artigo 76 da LCSP): NON.

15.3 De acordo co artigo 89.1.h da LSCP, cando o contratista sexa unha **empresa de nova creación**, entendida como aquela que teña menos de cinco anos de antigüidade, a súa solvencia técnica acreditarase por un ou varios dos medios aos que se refire este artigo 86.1.h., especialmente as letras b) a g, sen que en ningún caso sexa de aplicación o establecido na letra a), relativo á execución dun determinado número de subministracións.

## 16. ADMISIBILIDADE DE VARIANTES

NON

No seu caso, condicións as que debe suxeitarse a presentación de variantes:

## 17. CONSTITUCIÓN DE GARANTÍAS

### 17.1 GARANTÍA PROVISIONAL

Non procede constituír garantía provisional.

### 17.2 GARANTÍA DEFINITIVA



18.2.1. Constitución de garantía definitiva: Si

17.2.2. Importe da garantía definitiva: 5% do orzamento base de licitación excluído o IVE.

A garantía definitiva prestarase mediante calquera das formas reguladas polo art. 108.1 da LCSP.

## 18. CESIÓN DO CONTRATO E SUBCONTRATACIÓN

18.1 Cesión do contrato. **SI se permite.**

18.2 Subcontratación

Permítese nas condicións seguintes: sempre que se cumpran as condicións xerais que a LCSP contempla no artigo 215.

## 19. MODIFICACIÓN DO CONTRATO

19.1 Modificación prevista (art. 204 LCSP):

### PREVESE A UNHA POSIBLE MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE ACORDO CO APARTADO 7.3 .

Ata un límite de 140 Tn (20%) no caso de que así se requira coma consecuecia de necesidas derivadas de circunstancias climáticas (exceso de choiva fundamentalmente, o que determina una maior necesidade de reemplazo de camas) ou por aparición de enfermidades nos sementais (diagnósticadas e certificads por veterinarios privados ou públicos segundo a antureza das posibles enfermidades) que determine o illamento ou una organización dos boxes que poida dar lugar a un maior consumo de cama de serrín.

19.2. Modificación polo cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira:

Aos efectos do disposto no artigo 31 da Lei 14/2013, de racionalización do sector público autonómico, consideraranse motivadas no interese público as modificacións das prestacións do presente contrato que teñan como finalidade o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigacións, no concernente a esta subministración ata un máximo do 20% do importe de adxudicación.

## 20. CONDICIÓNES ESPECIAIS DE EXECUCIÓN E PENALIDADES

### 20.1 CONDICIÓNES ESPECIAIS DE EXECUCIÓN

Cumprimento dos prazos de entrega do obxecto do contrato.

O adxudicatario comprométese a incluír nas accións de prevención de riscos laborais e de saúde laboral da empresa a perspectiva de xénero de conformidade co disposto no artigo 84.3.b) da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade de mulleres e homes de Galicia.



A tal fin o adxudicatario do contrato deberá presentar, no momento de finalizar o contrato unha memoria xustificativa do cumprimento da presente condición especial de execución, segundo o **disposto no artigo 84.4 da citada Lei**.

- **A empresa adxudicataria queda obrigada a respectar as condicións salariais dos traballadores** conforme ao Convenio Colectivo sectorial de aplicación.
- A empresa adxudicataria queda obrigada a garantir a seguridade e a protección da saúde no lugar de traballo.
- A empresa adxudicataria promoverá a eliminación de desigualdades entre as mulleres e os homes no mercado laboral favorecendo a aplicación de medidas que fomenten a igualdade entre eles no traballo, a maior participación da muller no mercado laboral e a conciliación de traballo e vida familiar. Na medida en que legalmente sexa esixible, a adxudicataria deberá cumprir co establecido nos artigos 45 e 46 da *Ley Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para la igualdad efectiva de mujeres y hombres*.
- No caso de que a execución do contrato requira o tratamento polo contratista de datos persoais por conta do responsable do tratamento:

- a. A empresa adxudicataria queda obrigada a someterse en todo caso á normativa nacional e da Unión Europea en materia de protección de datos, sen prexuízo do establecido no último **parágrafo do apartado 1 do artigo 202 da LCSP**.

**b. A empresa adxudicataria queda obrigada a presentar antes da formalización do contrato**

unha declaración na que se poña de manifesto onde van estar situados os servidores e desde onde se van prestar os servizos asociados aos mesmos.

c. A empresa adxudicataria queda obrigada a comunicar calquera cambio que se produza, ao longo da vida do contrato, da información facilitada na declaración a que se refire o punto anterior.

d. Os licitadores quedan obrigados a indicar na súa oferta, se teñen previsto subcontratar os servidores ou os servizos asociados aos mesmos, o nome e o perfil empresarial, definido por referencia ás condicións de solvencia profesional ou técnica, dos subcontratistas aos que se **vaia encomendar a súa realización**.

## 20.2. PENALIDADES

20.2.1 En caso de demora nas entregas parciais do obxecto da subministración, Xenética Fontao SA poderá impoñer penalidades diarias na proporción de 0,60 euros por cada 1.000 euros do prezo do pedido realizado, IVE excluído.

20.2.2. No caso de que proceda a devolución do subministrado de acordo co previsto no punto 23.4 do presente cadro de características Xenética Fontao SA poderá, atendendo á gravidade do incumprimento, impor as penalidades previstas para ou caso de demora nas entregas parciais do obxecto do contrato.

No caso de que ou produto entregado en substitución incumpra as esixencias do prego Xenética Fontao poderá optar, atendendo as circunstancias do caso, pola resolución do contrato ou pola imposición dunha penalidade de contía equivalente ao 10 por cento do prezo do produto defectuoso e rexeitado.

## 21. CAUSAS ESPECÍFICAS DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO

Son causas específicas de resolución do presente contrato:



- De acordo co indicado no apartado 20.2.2, non caso de que o produto entregado en substitución incumpra as esixencias do prego Xenética Fontao, S.A. poderá optar, atendendo as circunstancias do caso, pola resolución do contrato ou pola imposición da penalidade prevista.
- O incumprimento polo adxudicatario da súa obriga de respectar o convenio colectivo de aplicación ao sector.

## 22. PROTECCIÓN DE DATOS

O Licitador deberá comprometerse a respectar a normativa Europea e Nacional sobre Protección de Datos de acordo co disposto na clausula 7 do PCP.

## 23. OUTRAS OBSERVACIÓNS SOBRE O EXPEDIENTE

23.1. Gastos de entrega: O adxudicatario disporá dos medios de transporte e persoal precisos para atender axeitadamente as entregas, de modo que quede sempre garantida a puntual recepción do material. Todos os gastos derivados do almacenamento previo e distribución, carga, transporte e entrega do material na correspondente unidade (no interior do edificio, no lugar destinado a almacenaxe) correrán por conta do adxudicatario e enténdense por tanto incluídos non prezo.

23.2. Realización de pedidos: Os pedidos realizaránse por persoa autorizada mediante escrito (a remitir por medios telemáticos, sen prexuízo da posibilidade de axilizar a petición mediante petición telefónica), no que deberán constar vos seguintes datos:

- a) Data e hora da solicitude;
- b) Listado de artigos e unidades respectivas a fornecer.

No momento de formalizar o contrato comunicarase ao adxudicatario a identidade da/s persoa/s autorizadas para a realización dos pedidos. Esta listaxe poderá variar durante a execución do contrato. O contratista non atenderá peticións realizadas por persoas distintas das autorizadas.

23.3 Recepción de pedidos: En cada entrega de material xuntarase un albará no que se reflectirán os seguintes extremos:

- a) Número de pedido
- b) Data e hora da solicitude
- c) Número de unidades fornecidas
- d) Data e hora de entrega

O albará presentarase por triplicado (un exemplar para o contratista, outro quedará en poder de xenética Fontao SA para a realización das comprobacións oportunos e outro que será remitido coa correspondente factura), e deberá ser asinado e selado pola persoa/s autorizada para a realización dos pedidos non momento da entrega.



#### 23.4. Devolución e substitución de artigos:

Os produtos entregaranse garantido a súa calidade e a integridade das súas propiedades. Deberán manterse en todo momento as condicións especiais de conservación respecto daqueles produtos que o requiran; en especial, as condicións de temperatura durante o transporte.

No suposto de que sexa subministrado algunha unidade que incumpra as condicións esixidas ou ofertadas polo contratista, e sen prexuízo das penalidades que puideran impoñerse, este deberá substituílo polo axeitado, consonte as características ofertadas, e entrégalo sen custo nun prazo equivalente ao de obrigado cumprimento na entrega.

#### 24. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DA OFERTA.

De conformidade co disposto nas disposicións adicionais 15ª e 16ª da LCSP, a presentación de ofertas e solicitudes de participación levarase a cabo utilizando exclusivamente medios electrónicos, enumerando unha serie de supostos que permitirían exceptuar a dita obriga xeral, entre as que non se encontra o presente procedemento.

As proposicións dos interesados deberán axustarse ao previsto no presente prego de bases xurídicas e a súa presentación supón a aceptación non condicionada polo empresario, do contido da totalidade das devanditas cláusulas sen excepción ou reserva ningunha.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición, tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente, ou figurar en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por el subscritas.

As proposicións deberán presentarse necesaria e unicamente a través do Sistema de licitación electrónica da Xunta de Galicia SILEX no seguinte enderezo: [www.conselleriadeconomia.es/silex](http://www.conselleriadeconomia.es/silex).

O prazo de presentación ou envío será de **QUINCE (15) DÍAS NATURAIS**, a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante, ampliándose o prazo ata o seguinte día hábil en caso de que o último día fose sábado, domingo ou festivo.

En ningún caso serán admitidas aquelas proposicións que fosen presentadas por algún medio distinto ao indicado neste apartado ou fóra de prazo de conformidade co sinalado neste prego.

Presentarase en **dous sobres ou arquivos electrónicos** de conformidade co establecido no presente prego.

Sobre electrónico A. - Documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos.

Sobre electrónico B. – Documentación de criterios avaliados mediante cifras ou porcentaxes.

#### 25. CONTACTOS PARA CONSULTAS RELACIONADAS CO EXPEDIENTE



XERENCIA DE XENÉTICA FONTAO, S.A.

Tlfno. : +34 982 284 391 - Fax.:+34 982 284 626

Correo electrónico:

[administracion@xeneticafontao.com](mailto:administracion@xeneticafontao.com) ou [jesus.vazquez.perez@xunta.gal](mailto:jesus.vazquez.perez@xunta.gal)

De conformidade co establecido no artigo 122 da Lei de Contratos do Sector Público, o órgano de contratación acorda aprobar o presente cadro de características.

Santiago de Compostela, de \_\_\_\_\_ de 2026

